



QUERERÁS SER 1 DE 200?

Máis de duascientas nenas morren cada ano en Salem, India. Duascientas persoas poderían mudar isto por 12 euros ao mes



IMPLICADAS
NO DESENVOLVEMENTO

O pasado 20 de Novembro tivo lugar a conmemoración do vixésimo primeiro Aniversario do tratado con maior "índice de ratificación" da historia: a Convención dos Dereitos de Nenas e Nenos, asinado no ano 1989 por todos os Estados do mundo, agás Somalia e EUA. O feito de ter asinado este tratado compromete aos estados a, entre outras cousas, asegurar a calidade de vida de nenas e nenos e garantir o seu desenvolvemento físico, intelectual, social e espiritual.

Para asegurar e promover os dereitos enunciados na Convención, os Estados parte deberán presentar asistencia axeitada a nais e pais ou representantes legais, así como adoptar medidas administrativas destinadas a protexer as

crianzas contra todo tipo de abuso ou trato que poña en perigo a súa integridade física ou psicolóxica. Estas medidas de protección deben comprender procedementos eficaces para facilitar a investigación e notificación – se é necesario a intervención xudicial – nos casos nos que os dereitos de nenas e nenos resulten vulnerados, e fomentar programas sociais de asistencia as/os menores e ás persoas que as/os coidan.

Un dos piares fundamentais que sustentan este tratado é o principio universal de non discriminación entre menores por motivos de raza, relixión, condición social... e xénero.

Segundo o Premio Nobel de Economía indio Amartya Sen, "faltan" na India 37 millóns de mulleres e nenas, para falar en cifras concretas, por mor do infanticidio feminino, unha práctica que leva a matar ás nenas cando acaban de nacer. Na base desta práctica está a consideración social ínfima das mulleres ata o punto de existir permeabilidade ante o

rou un ideal único de "cultura india" que ao final acabou dando lexitimidade social só a certas visións das múltiples manifestacións culturais existentes no subcontinente.

Tamén as políticas de cooperación a acción comunitaria do infanticidio, instaurando unha lóxica de control da natalidade que no

substrato existente levou a unha exacerbación da práctica que pasou de ser algo marxinal a ser algo rampante nas décadas dos anos 70 ata a actualidade.

As feministas indias e no noso caso en concreto, as tábiles levan séculos traballando para establecer un marco de dereitos

ron en grupos de axuda mutua grazas aos cales aforraron case 10.000 euros ata o momento, 10.000 mulleres e máis de 800 mozas recibiron apoio individualizado e en definitiva naceron máis de 900 nenas nese período. Na cerna deste traballo están as activistas que se implican, as traballadoras e mulleres da comunidade que buscan alternativas aos modos de pensar e as persoas responsables que dende o Norte apoiamos por xustiza o seu traballo ao entender que sen alianzas mundiais a discriminación contra as mulleres, contra todas, non pode erradicarse. A discriminación de xénero refórzase nos discursos que se constrúen a nivel internacional (como os que mencionabamos ao principio), na explotación entre Norte e Sur, na ignorancia do traballo das mulleres do Sur por cambiar o mundo.

En Implicadas no Desenvolvemento sabemos que os principios de non discriminación recollidos fai agora 21 anos na Convención dos Dereitos da Nena e o Neno (e que obrigan aos estados

A DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO REFÓRZASE NOS DISCURSOS QUE SE CONSTRÚEN A NIVEL INTERNACIONAL, NA EXPLOTACIÓN ENTRE NORTE E SUR, NA IGNORANCIA DO TRABALLO DAS MULLERES DO SUR POR CAMBIAR O MUNDO

onde non se considere ás mulleres seres prescindibles, subsidiarios e inútiles. O traballo de Implicadas no Desenvolvemento dá a man a este activismo local dende o ano 2007 no distrito tábil de Salem, onde de cada 1000 nenos nados faltan 200 nenas. Nós precisamos 200 persoas que nos axuden a continuar un traballo que amosa cambios que non se fan agardar: dende 2007 máis de 30.000 persoas reflexionaron grazas ao teatro de rúa, máis de 700 mulleres entra-

asinas á protección das nenas fronte a calquera destas formas de discriminación) están aínda lonxe de seren cumpridos. Pero sabemos tamén que co esforzo de tod@s nós podemos asentar os valores fundacionais desde tratado.

Por iso, a campaña 1 de 200 é unha expresión de responsabilidade. Dende o mes de outubro ata xuño de 2011 buscaremos dar continuidade ao noso traballo en Salem mobilizando a 200 novas socias que cunha cota mensual de 12 euros poden axudar a afianzar esta forma crítica e duradeira de traballar que é o garante do cambio. Mais alén disto a campaña quere demostrar tamén que as escusas teñen que quedar atrás, a erradicación da discriminación de xénero non é algo que poida deixarse para mañá. Por iso agora é o momento de seres 1 de 200. ●

